

NÓ DAS CANCELAS

AVENIDA DO CAMIÑO FRANCÉS

Na confluencia da avenida do Camiño Francés coa rúa de Monte dos Postes (prolongación da rúa de Lisboa) e coa avenida de Xoán Paulo II proxéctase un paso inferior para os vehículos pasantes da avenida do Camiño Francés que na cota actual da dita avenida se resolve en forma de rotonda completa, aínda que aberta por riba, e con catro pasos peonís, un en cada unha das vías que conflúen nela.

Deste xeito, o tráfico xerado polo futuro centro comercial segrégase do que circula de entrada ou saída pola avenida do Camiño Francés, evitando así posibles conflitos no tráfico rodado e facilitando tamén o peonil.

Esta solución aumenta as alternativas de movementos rodados de xeito que a comunicación norte-sur teña unha continuidade sen interferencias: avenida de Xoán Paulo II - Monte dos Postes - rúa de Lisboa e transversales. E a leste-oeste tamén, ben pasando polo paso inferior proxectado, ou ben xirando na nova rotonda.

A obra ten un presuposto, antes do IVE, de 2.955.500,32 € e un prazo de execución de 12 meses.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2011



